

Asociación Terapia Familiar de e Mediación de Galicia

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia celebrada o día 26 de marzo de 2022 ás 13:00 h en segunda convocatoria para tratar os seguintes puntos da ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Informe do presidente.
3. Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2021 e estudo e aprobación, se procede, do orzamento para 2022.
4. Informe da secretaria.
5. Propostas e suxestións.

Preside Roberto Antón Santiago, actúa como secretaria Concepción López Martín e asisten as persoas que se relacionan en documento adxunto.

A asemblea ten lugar en modalidade en liña a través da plataforma Zoom, o presidente, Roberto Antón Santiago, saúda aos socios e ás socias asistentes e declárase iniciada a xuntanza.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.

A secretaria Concepción López Martín da lectura ás actas da Asemblea Xeral Ordinaria e da Asemblea Xeral Extraordinaria celebradas o 12 de decembro de 2020 e apróbanse as mesmas por unanimidade.

2. Informe do presidente

A continuación o presidente Roberto Antón Santiago informa dos seguintes temas:

-Reunións da xunta directiva da Federación:

- o Acordouse a **ampliación da formación continua de 40 a 50 horas** e comezarse a aplicar a partir deste ano na asociación galega.
- o **Asistencia obrigatoria a un Congreso da FEATF para a reacreditación:** Pretendiase facer obrigatoria, pero finalmente quedou como **recomendación** grazas a Antonio Olives.
- o **Reacreditación senior:** Acordouse que unha vez que a persoa finaliza a súa carreira profesional e solicita ser socio/a senior xa **non ten que realizar a formación nin reacreditarse.**

Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

- **Formación en terapia familiar:** Estase valorando ampliar a formación a 4 anos pero aínda non está aprobado.
- A FEATF deixa de ter un número de teléfono propio. A comunicación será por correo electrónico.
- **V Congreso Ibérico en Madrid 10-12/11/2022:** Houbo discrepancias entre a Federación e a asociación madrileña na organización do Congreso, especialmente de índole económica, xa que os espazos son moi caros e hai que adiantar moitos cartos. Por parte da Federación había queixas de que non estaba organizando en tempo nin se estaba contando con ela para a organización, polo que encargou a Roberto Pereira dos aspectos máis técnicos da mesma. Recentemente, presentouse un programa preliminar. Parece que o Congreso vai ter custe elevado de arredor de 215 €. A pesar dos problemas, o evento seguirá adiante a pesar das dificultades.
- Como consecuencia das diferenzas entre a Asociación Madrileña e a Federación, a Comisión Permanente da Federación presentou a dimisión, solicitando a **ratificación dos cargos** por parte da xunta directiva. A Comisión Permanente segue en funcionamento.
- Na FEATF estase debatendo sobre o termo **psicoterapia** e acordouse a creación dunha comisión específica para traballar sobre este tema. Na actualidade, os diplomas veñen como “*psicoterapeuta familiar*”.
- **Reunión de secretarios e secretarias das asociacións FEATF:** A anterior base de datos quedou obsoleta por problemas coa programación e faise necesario contratar a realización dunha nova base de datos. Asemade, Roberto explica que tamén sufriu ataques informáticos como consecuencia do conflito entre Rusia e Ucraína.
- **Cota semestral FEATF:** O cobro da primeira cota da FEATF será o 1 de abril. Os importes estipulados son 15 euros asociados/as e 7,50 € persoas socias alumnas e sénior, ou sexa, 30 € e 15€ anuais.
- **Logotipo da FEATF:** Aprobouse o cambio de logotipo na Asemblea celebrada no Congreso de Tenerife.



1991
2023

Fomentando a
Terapia Familiar
en Galicia

ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA
Rúa de Amio 114 - 15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 615 207 595 – Correo: info@atfmgalicia.com
NIF: G-32151342 – Rexistro Central de Asociacións: 2004/7796-1

Asociación Terapia Familiar de e Mediación de Galicia

- O **Premio de investigación FEATF 2021** foi para Estefanía Mónaco Gerónimo e Inmaculada Montoya Castilla por “*Una intervención en educación emocional para parejas Millennials*”. O presidente lembra que o prazo está aberto e anima a participar ás persoas presentes tanto neste premio como no de “*Ayuda a la Investigación de la Eficacia de la Terapia Familiar*” dotado con 4.000 €.
- Revista **Mosaico**: Publicáronse catro números, o 78 en dixital dedicado a “*Psicooncología y Terapia Familiar*” (maio 2021); 79 en dixital sobre “*Nuevas intervenciones con niños y adolescentes*” (outubro 2021) e o número 80 en papel sobre o “*XL Congreso Nacional de Terapia Familiar*” celebrado en Tenerife (xaneiro 2022).
- **Futuros congresos**: Están previstos o **Congreso Nacional en Valencia** desde o 19 ao 21 de outubro de 2023 (cuxa sede está por decidir) sobre “*Familias y organizaciones*” e o seguinte en Cataluña do 24-26 de outubro de 2024.
- **Outras actividades FEATF**: Ata maio de 2021 organizáronse 20 **vídeo aperitivos** con membros das distintas asociacións federadas e a partir de setembro de 2021 iniciáronse os **Foros*Sistémicos** abertos en liña o último xoves de mes sobre diversos temas de actualidade como o Foro*Investiga (30/09/2021), coordinado por Antonio Olives como vogal de investigación e coa participación de Emilio Gutiérrez e de Valentín Escudero; Foro*Psicoterapia (28/10/2021) e Foro*Clínica (24/02/2022) con Olaia Carrera.

-Con relación á ATFMG:

- Leváronse a cabo durante o ano 2021 as seguintes actividades:
 - Seminario en liña “*Conversas sobre a vida tras un intento suicida*” (20/02/2021) a cargo do psicólogo peruano **Jorge Ayala Salinas** con gran éxito de participación.
 - Seminario en liña “*A integración da saúde mental na atención primaria: un apegamento sistémico aos seus desafíos*” coa nosa asociada **Chus Arrojo Romero** desde Massachusetts aproveitando as posibilidades que ofrece a formación online (10/04/2021).
 - Seminario en liña “*Traballando con patróns de autocoidado disfuncionais*” coa nosa asociada **Ana Cris Eiriz Castillo** (22/05/2021).
 - **XI Encontros Galegos de Terapia Familiar. Reencontros** (27/11/2021) na Facultade de Psicoloxía onde se celebrou o **30 aniversario** da fundación da Asociación e tivo lugar o acto de recoñecemento a **José Luis Rodríguez-Arias Palomo** como socio de honor. O presidente comentou que a xunta directiva

1991
2023

Fomentando a
Terapia Familiar
en Galicia

ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA
Rúa de Amio 114 - 15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 615 207 595 – Correo: info@atfmgalicia.com
NIF: G-32151342 – Rexistro Central de Asociacións: 2004/7796-1

Asociación Terapia Familiar de e Mediación de Galicia

quedou moi satisfeita tanto pola participación como polos temas que se abordaron.

- o En 2022 organizáronse as seguintes actividades:
 - Patrocínouse a presentación en liña do libro “*El exilio del Mesías. Buscando señales de vida en psicoterapia*” de **Marcelo Pakman** (24/02/2022).
 - Seminario en liña “*Familias en transición de xénero: papel, necesidades e acompañamento*” co psicólogo e asociado **Carlos Álvarez García** (26/03/2022) no que se encheron todas as prazas e que coincidiu coa celebración desta Asemblea.

A idea da xunta directiva é combinar seminarios en liña con seminarios presenciais. Para 2022 temos previsto organizar un seminario presencial co psicólogo **Ricardo Ramos** o 4 de xuño. Outras posibles actividades poderían ser en liña con **Yolanda Castro Casanova** seguramente no mes de maio e outra presencial en outubro sobre o dó con **Pilar Rey Suárez**, xa que gustou moito a súa participación nos Encontros Galegos de Terapia Familiar.

Finalmente, o presidente manifesta que a xunta directiva está sempre aberta a recibir propostas por parte das persoas asociadas e que poden participar achegando ideas de novos temas e relatores/as a través do correo da secretaría da asociación.

3. Presentación e aprobación se procede das contas do exercicio 2021 e estudo aprobación, se procede, do orzamento da ATFMG para 2022.

Debido a problemas técnicos co son, é a secretaria quen explica o estado de ingresos e de gastos preparado pola tesoureira Reyes Vázquez Lazo:

Infórmase que o **saldo inicial** na conta da asociación era de **1.782,65 €**, unha cantidade moi inferior á que se adoita ter. Isto debeuse ao acordo adoptado pola xunta directiva por mor da pandemia, polo cal no ano 2020 non se cobrou a cota anual ás persoas que xa estaban asociadas en 2019.

En canto aos ingresos, o total foi de **17.340,22 € por cotas de persoas asociadas**, dos cales 703 € corresponden a novos membros. Asemade, deixaron de percibirse 637,79 € por devolucións de cotas e os seus gastos.

Por outra banda, a estes ingresos temos que engadir o traspaso de 2.881,45 € que se atopaban na conta das JNTF2019 a cal foi pechada definitivamente.

Asociación Terapia Familiar de e Mediación de Galicia

No que se refire aos **ingresos polas actividades formativas** organizadas, ascenderon a **2.460,00 €**, distribuídos do seguinte modo: 1.035 € polo seminario con Jorge Ayala, 390 € polo de Chus Arrojo, 645 € polo de Ana Cris Eiriz e 390€ polos XI Encontros Galegos de Terapia Familiar. Neste último evento, aínda que a intención da xunta directiva era ofrecelo de balde, finalmente se acordou cobrar unha taxa simbólica de 5 euros para asegurar a asistencia dos/as participantes nunha actividade presencial despois da pandemia.

En resumo, os **ingresos totais** no ano 2021 foron de **22.681,66 €**.

Sobre os gastos, as achegas á **FEATF** foron dun total de **8.197,50 €**, en dous pagamentos semestrais de 4.132,50 € e 4.065,00 €. A FEATF estableceu unha cantidade fixa para todas as asociacións federadas: páganse 30 € anuais por cada membro asociado e 15 € por cada alumno/a e sénior.

Entre as partidas de gastos do ano 2021, sinalar que o aluguer do local foi de 3.762,12€. Ademais, pagáronse 991,73 € de gastos bancarios de comisións, polo que a xunta directiva decidiu cambiar de entidade bancaria e iniciou o proceso para trasladar a conta á Caixa Rural Galega.

Noutra orde de cousas, contratouse a **plataforma Zoom** con capacidade para 100 persoas por unha tarifa anual de 413,92 €. Isto respondeu á necesidade de reducir custes, xa que no ano anterior se pagaba cada vez que se tiña unha actividade en liña.

En resumo, os **gastos totais** do ano 2021 foron de **18.723,97 €**, quedando un saldo positivo de 3.957,69 €. Ao sumar o saldo inicial, o total foi de 5.740,34 €. A data de 31 de decembro de 2021, o saldo era de 6.618,56 €. O desaxuste de 878,22 euros debeuse a gastos que se pagaron en xaneiro de 2022 e que non están reflectidos nestas contas.

En canto ao **orçamento previsto** para o ano 2022, tendo en conta a participación de 269 persoas asociadas, estímase un importe total de **17.275 €**. Agás o aluguer do local, cuxo custe subirá a 4.210 €, os demais gastos serían moi semellantes. Para evitar un aumento de máis de 100 euros mensuais no vindeiro ano, acordouse o traslado a un local máis pequeno dentro do Centro de Negocios Costa Vella, o cal suporá un incremento de 37,39 euros mensuais. Ademais, consideramos que o cambio de entidade bancaria permitirá reducir notablemente os gastos neste apartado.

Indicar que a cota seguirá sendo anual e o seu pagamento terá lugar a primeiros do mes de abril de 2022, tras realizar o cambio de entidade bancaria, sen que se contemple polo de agora unha suba da mesma.

Asociación Terapia Familiar de e Mediación de Galicia

Tanto as contas correspondentes ao ano 2021 como o orzamento para o ano 2022 foron aprobadas polas persoas socias asistentes á Asemblea.

4. Informe da secretaria

A continuación, a secretaria Concepción López Martín informa de que na actualidade a Asociación conta con **269 persoas asociadas** (das cales 262 son asociados/as, 2 alumnas socias e 5 socios/as-sénior). Desde 2018, o número se mantén con poucas variacións.

Durante o ano 2021, aceptáronse as solicitudes de 9 novas persoas socias e recibíronse solicitudes de baixa de 6 persoas asociadas.

Respecto ás **acreditacións**, foron acreditados ou reacreditados un total de 33 membros: **27 terapeutas familiares, 2 colaboradoras docentes e 4 supervisores/as docentes**. Como a Federación aumentou a 50 horas en 5 anos, houbo unha certa flexibilidade para aquelas persoas que non acadaban o mínimo establecido.

Como xa informou o presidente, a Federación contratará unha nova base de datos para a xestión de todas as asociacións, que permite axilizar a comunicación coa administración da Federación para altas, baixas, acreditacións e cambios de enderezo, tanto para a recepción postal de Mosaico como o correo electrónico para recibir o boletín mensual da FEATF e o Mosaico dixital.

Continúa a actualización do Directorio de Terapeutas da páxina web da ATFMG, e a secretaria anima ás persoas asociadas acreditadas con gabinete privado a solicitar a súa inclusión.

Ademais, recoméndase que os/as terapeutas con acreditación recente soliciten a súa incorporación no **Registro Nacional de Psicoterapeutas** e no Directorio da propia FEATF.

Por outra banda, no segundo semestre de 2021, levouse novamente a cabo unha revisión e regularización da situación do alumnado-socio a petición da FEATF.

Continuase a publicar nas redes sociais, como Facebook, Twitter, LinkedIn e, máis recentemente, Instagram, as actividades organizadas pola ATFMG, a FEATF e doutras organizacións que resulten de interese, así como ofertas de emprego que tamén se envían por correo electrónico.

Por último, a Federación abriu a páxina **FEATF.Congresos** en Facebook para publicar todo o relacionado cos congresos que se organizan anualmente e anima a que a sigamos.

1991
2023

Fomentando a
Terapia Familiar
en Galicia

ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA
Rúa de Amio 114 - 15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 615 207 595 – Correo: info@atfmgalicia.com
NIF: G-32151342 – Rexistro Central de Asociacións: 2004/7796-1

Asociación de **Terapia Familiar** e *Mediación de Galicia*

5. Propostas e suxestións


Despois de valorar moi positivamente o seminario en liña impartido por **Carlos Álvarez García** sobre *Familias en transición de xénero*, e non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas, do que dou fe como secretaria co visto e praxe do Presidente.

Visto e Praxe do Presidente



Roberto Antón Santiago

A Secretaria



Concepción López Martín